

EGAP: CONVOCATORIA DE FORMACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago de Compostela 18/03/2022

Publícase hoxe, en DOG, a [Resolución de convocatoria das actividades de formación continua en materia de igualdade e violencia de xénero](#). As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Requisitos dos/das participantes:

- Persoal ao servizo de:
 - Administración pública da Comunidade Autónoma
 - Entidades públicas instrumentais
 - Administración institucional
 - Administración de xustiza de Galicia.
 - Entidades locais de Galicia
 - PAS das tres universidades do SUG
- Que se encontre en:
 - Situación de **servizo activo** (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.
- Está exceptuado:
 - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
 - Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
 - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.

Desenvolvemento das actividades de formación

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

Solicitudes e prazos

- **Prazo de solicitudes: 10 días** a partir do día seguinte ao da **publicación desta resolución**.
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo : <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 23.55 horas da data de finalización.
- **Número máximo de cursos** que se poden solicitar: **3**.